

Convocatoria da sesión constitutiva do Pleno da Corporación do sábado 17 de xuño de 2023

Celebradas as eleccións locais, o 28 de maio de 2023, e en cumprimento do establecido no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral e artigo 37 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o día 17 de xuño de 2023 deberá de celebrarse a sesión constitutiva da nova Corporación resultante das eleccións locais.

Considerando que si ben as disposicións citadas predeterminan a data de celebración da sesión constitutiva, convocada polo tanto por ministerio de Lei, as mesmas non establecen a hora en que dita sesión debe celebrarse.

Visto o cal é polo que de conformidade coas disposicións vixentes, e na miña calidade de Alcalde en funcións.

De acordo co indicado, RESOLVO:

Convocar a sesión Constitutiva da nova corporación do Pleno da Corporación Municipal para o sábado **17 de xuño de 2023 ás 12:00 h** na Casa do Concello, coa seguinte orden do día

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE
2. COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.
3. XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELLEIROS/AS E TOMA DE POSESIÓN
4. ELECCIÓN DA ALCALDÍA
5. XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE
6. DACIÓN DE CONTA DO ARQUEO EXTRAORDINARIO E INFORME DE COMPROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS.

Notificarlles esta resolución aos Srs./Sras. candidatos/as proclamados/as electos/as a interventora municipal e publíquese nos taboleiros de anuncios do Concello de Rianxo